



CONSELLOS SECTORIAIS DE SADA
Proposta da participación veciñal

17 de marzo

2017



1. INTRODUCCIÓN

O presente documento recolle a proposta de creación dos Consellos Sectoriais de Sada, atendendo ao aportado polas persoas participantes nas primeiras accións do proceso. Preséntanse as conclusións obtidas en relación a cales deben ser os Consellos Sectoriais a crear, e cal a composición dos mesmos.

2. ESTADO ACTUAL DO PROCESO

O proceso de creación dos Consellos Sectoriais de Sada estruturouse para ser realizado en dúas partes:

- **1ª: De análise do movemento asociativo**
- **2ª: De creación de Consellos Sectoriais.**

Da totalidade do proceso, 12 semanas foron planificadas para ser o espazo temporal que abrangue o contacto e participación da cidadanía. A primeira fase estaba planificada para ser realizada en 10 semanas, atopándonos neste momento no remate da semana 7, sendo a principal finalidade desta fase a de coñecer con maior profundidade como é o asociacionismo sadense. Esta primeira fase permite aproximarse a cales son os principais ámbitos de interese da cidadanía de Sada, e polo tanto que temáticas de Consellos se entende que deben existir. Ao tempo, isto tamén permite achegarse a detectar que Consellos serían máis ou menos viables en función da demanda dos mesmos, e interese (en número) mostrado en formar parte destes.

Así, os obxectivos previstos para esta primeira fase foron:

- O1_** Determinar as temáticas a tratar polos Consellos e o número dos mesmos a crear.
- O2_** Determinar quen vai formar partes destes Consellos.
- O3_** Funcionamento interno de cada Consello, en canto a cuestións como cada canto tempo se vai reunir ou cales serán as canles de contacto internas e externas.

As tarefas realizadas ata o momento permitiron aproximarse aos dous primeiros obxectivos plantexados, é dicir:

En relación ao **O1_** Determináronse os temas e números de Consellos Sectoriais a crear.

En relación ao **O2_** Recolleuse a opinión da veciñanza en canto a que perfís deben formar parte dos Consellos Sectoriais.

O terceiro obxectivo en relación ao funcionamento interno de cada Consello, así como as canles de comunicación, está previsto abordalo nun terceiro encontro participativo (previsto para a semana 10) así como na sesión de constitución de cada Consello.

As tarefas realizadas e resultados de participación ata o momento, son:

1º. Revisión e actualización de axentes chave, a partir da base de datos do Rexistro Municipal de Entidades. Obtívose unha base de datos final de 114 asociacións ou colectivos, das cales 94 resultaron estar en activo e 20 non.

2º. Realización dunha presentación do proxecto co equipo de goberno e outra co resto de partidos políticos do municipio.

3º. Realización dunha presentación aberta do proxecto, convidando directamente ao movemento asociativo pero á cal podía asistir calquera persoa. Esta ocasión serviu para unha primeira inscrición a participar no proceso, resultando un total de 58 persoas interesadas. Destas, 3 incibíronse a título individual e as restantes en representación dun total de 38 asociacións.

4º. Realización de entrevistas telefónicas a todo o tecido asociativo de Sada: dos 114 casos dispoñibles na base de datos, realizáronse entrevistas a un total de 65 entidades. Ademais destas, con 14 non foi posible a contactación, e non procedeu a realización da entrevista a outras 34 (20 que non están en activo, e outras 14 como grupos de música, xa integradas nunha asociación, ou entidades dependentes do Concello).

5º. Realización dun primeiro encontro participativo: ao cal asistiron un total de 54 persoas, en representación de 37 asociacións ou colectivos. Esta primeira toma de contacto serviu para, por medio do traballo en pequenos grupos, comezar a detectar os principais ámbitos de interese da cidadanía sadense. Deste encontro resultou a inscrición de 14 novas persoas con interese en participar neste proceso.

6º. Realización dun segundo encontro participativo: ao cal asistiron de novo un total de 54 persoas, nesta ocasión en representación de 38 asociacións ou colectivos. Nesta segunda sesión definíronse os Consellos Sectoriais a crear, e sentáronse as bases sobre cal debe ser a composición dos mesmos. Deste segundo encontro resultou a inscrición de 5 novas persoas con interese en participar neste proceso.

A mediados de marzo, a **base de datos de persoas interesadas en formar parte deste proceso** é dun total de 85. Ademais das que se inscribiron de maneira presencial, engádense un total de 8 que comunicaron a súa intención por medio do correo electrónico. O número de asociacións representadas é de 56 (o que significa case o 60% das entidades en activo), e 6 persoas participan a título individual.

3. RESULTADOS OBTIDOS

■ Das entrevistas

As entrevistas realizadas permitiron clasificar ás asociacións en función da súa tipoloxía. Esta foi suxerida pola persoa que realizaba a entrevista tras explicar a persoa entrevistada cales eran as principais actividades ou servizos que prestaba a asociación. Esta pregunta tiña a opción de multiresposta, dado que algunhas asociacións non responden a unha tipoloxía única. Así, as 65 asociacións entrevistadas presentan a seguinte relación de tipoloxías:

Cultural	37%
Deportiva	32%
Social	25%
Recreativa	18%
Veciñal	12%
ANPAs/Educativa	12%
Xuvenil	8%
Musical	6%
Ambiental/Protectora de animais	5%
Empresarial, comercial e turismo	5%
Muller	3%

Igualmente, unha das cuestións da entrevista versaba sobre cales debían ser as temáticas que deberían tratar os Consellos, como un xeito de detectar os principais temas de interese. E posteriormente, consultábase a respecto de en cales desas temáticas a tratar consideraba a persoa entrevistada que tería cabida ou tería interese en participar a asociación que representaba.

	Temáticas que deberían tratarse	Temáticas nas que terían cabida
Deportiva	37%	35%
Cultural	29%	42%
Social	29%	22%
ANPA/Educativas	25%	20%
Xuvenil	20%	14%
Recreativa	11%	17%
Ambiental/Protectora de animais	14%	14%
Veciñal	12%	15%
Turismo e desenvolvemento local	12%	3%
Empresarial, comercial e turismo	8%	5%
Muller	3%	5%
Musical	6%	0%
Infraestruturas e espazos municipais	6%	0%
Seguridade cidadá	2%	2%
Saúde	3%	0%
Urbanismo	3%	0%
Outras	0%	11%

Tal e como se aprecia na táboa anterior, o deporte, a cultura, o ámbito asistencial e a educación parecen as catro temáticas máis demandadas, seguido bastante de preto polo tratamento de cuestións relacionadas coa mocidade. O resto de temáticas foron demandadas en menor medida. Fronte a isto, obsérvase que consultado o Consello do cal a entidade entrevistada formaría parte, manteñen posición os primeiros catro temas citados, máis en distinta orde de puntuación: cultura, que destaca por ser o Consello do cal manifestaron que formarían parte máis de 4 de cada 10 asociacións; deporte, ámbito e asistencial e educación.

Ademais destes, os ámbitos veciñal e recreativo tamén adquiren unha significativa relevancia, con porcentaxes entre o 15% e o 17%, o cal se corresponde coa porcentaxe de asociacións que son destas tipoloxías.

Por outra banda, destacou que o turismo e desenvolvemento económico local foi citado no 12% das ocasións como tema que era preciso tratar, sen embargo moi poucas asociacións (só 2) formarían parte del. Estes resultados poñen de manifesto a necesidade de reflexionar que Consellos cómpre constituír e que temas deben tratar, xa que aínda habendo a demanda de conversar sobre distintas cuestións, non en todos os casos se prevé que houbera abondo número de persoas ou entidades interesadas en conformar unha mesa de diálogo e consenso en concreto e unicamente para cada unha desas cuestións.

Esta información, obtida da realización das entrevistas telefónicas, foi levada aos dous encontros participativos realizados coa finalidade de ser validada pola participación veciñal e obter unha proposta de Consellos a crear máis definida.

■ Dos encontros participativos

A dinámica empregada no primeiro encontro participativo foi pensada para facilitar o establecemento dun primeiro contacto entre o movemento asociativo. Así, cada persoa escollía de que grupo formaba parte dentro dos seis posibles. Estes grupos foron constituídos de maneira espontánea, sen existir ningún criterio para a súa composición.

Nesta primeira ocasión as persoas participantes debían comentar en grupo, ideas, propostas, suxestións ou melloras para Sada, sobre calquera ámbito, e apuntar cada unha nun papel. Posteriormente cada un destes papeis debía ser depositado nun buzón temático de 12 posibles, non dados a coñecer previamente.

Cada un destes buzóns facía referencia ás principais cuestións suxeridas nas entrevistas, sendo:

1. Benestar social
2. Cultura
3. Deporte
4. Educación
5. Espazo Público
6. Medioambiente e animais
7. Muller
8. Tecido empresarial e comercio
9. Tempo de lecer
10. Turismo
11. Xuventude
12. Outros

Ao remate, realizouse unha lectura dos temas depositados en cada buzón sendo as cuestións sobre o espazo público as máis abundosas.

Nun segundo encontro traballouse de novo con toda a información obtida nas entrevistas e os resultados do primeiro encontro, coa finalidade de concretar cales serían eses Consellos que se crearían e os temas a tratar por cada un deles. Para esta ocasión o equipo técnico fixo unha agrupación das entidades en función da súa principal cabida nunha ou outra temática, dun total de 7:

- Cultura
- Deporte
- Ensino, infancia e mocidade
- Medioambiente e animais
- Asociacións vinculadas co desenvolvemento económico local
- Asociacións veciñais e vinculadas co tempo de lecer
- Ámbito asistencia e muller

Esta agrupación foi resultado de observar que moitas das cuestións abordadas no primeiro encontro eran transversais a diferentes temas, polo que nalgúns casos non correspondería a creación dun Consello específico. Así, entendeuse que o que tiveran en común unhas e outras asociacións en canto á súa actividade, podía ser o nexo de unión e polo tanto, motivación para a creación dun Consello concreto.

Cada agrupación debía valorar que cuestións podían tratar as asociacións que formaran parte da mesma, e se procedía a creación dun Consello temático entre elas, ou podía dar lugar a máis de un. A proposta resultante tras a participación cidadá correspondeuse coas agrupacións realizadas polo equipo técnico, sendo os Consellos a crear e nomes propostos por cada mesa, así como as cuestións a tratar por cada un, os seguintes:

CONSELLO DO ENSINO, INFANCIA E MOCIDADE

Ocuparíase da coordinación entre as ANPAs e o Concello, e da coordinación entre as propias ANPAs. Da problemática do alumnado, e de cuestións como o acoso escolar, as novas tecnoloxías, ou adicións entre a mocidade. Tamén da familia e o tempo libre.

Considerouse oportuno que a xente moza tivera voz propia neste Consello valorando posteriormente que se divida e dea lugar a un Consello propio da Mocidade.

CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA

Ocuparíase da promoción, realización, investigación, difusión, recuperación, conservación de calquera manifestación material ou inmaterial, nun único Consello. Trataría temas como a arte, música, cine, patrimonio marítimo e navegación, e memoria histórica.

CONSELLO RECREATIVO E VECIÑAL

Ocuparíase da intermediación entre a veciñanza e o Concello no que respecta a demandas para mellorar cuestións do espazo público, permitiría compartir actividades e recursos entre as asociacións e poñer en marcha proxectos comúns, entre outros, de tipo lúdico.

CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

Ocuparíase propiamente do ámbito deportivo, dando voz a diferentes manifestacións do mesmo como os deportes acuáticos, balón, ciclismo ou atletismo. En canto ás instalacións trataríanse

cuestións relacionadas co uso e melloras das mesmas, e podería coordinarse a organización de eventos como competicións.

CONSELLO DE BENESTAR SOCIAL E MULLER

Ocuparíase de cuestións vinculadas co benestar social de persoas con distintas capacidades funcionais, saúde, terceira idade e muller.

CONSELLO AMBIENTAL

Ocuparíase de temas medioambientais (como o transporte, biodiversidade, cambio climático, contaminación, etc.), e tamén de como afectan as actividades económicas aos aspectos de calidade ambiental do concello. Promovería a realización de estudos e divulgación do patrimonio natural; procuraría a mellora dos comportamentos cidadás para reducir o impacto ambiental; e a denuncia en relación a danos sobre o medio. Tratamento de plans de eliminación de especies exóticas invasoras, e de plans de infraestruturas e urbanismo que afecta ao medio.

CONSELLO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Ocuparíase do impulso de iniciativas vinculadas co tecido empresarial e o desenvolvemento económico local, tales como a promoción da hostalería, turismo e mercado municipal.

CUESTIÓN TRANSVERSAIS

Temas como a mocidade, terceira idade, muller, espazo público, medioambiente e turismo, enténdese que, aínda correspondendo algúns deles a un sector concreto, deberan ser temas transversais e ser tidos en conta polo conxunto dos Consellos Sectoriais.

PRIODIDADE DOS CONSELLOS

As asociacións e participantes a título individual presentes no segundo encontro participativo, tiveron a posibilidade de sinalar cales serían, se só tiveran a hipotética posibilidade de participar en dous Consellos, a primeira e segunda opción escollidas. Tomando como referencia a puntuación obtida polo Consello do Ensino, Infancia e Mocidade e o Consello Municipal da Cultura, que obtiveron a mesma e máis alta puntuación, entendendo esta como o 100% de posibilidades de creación, preséntase a clasificación de probabilidade de creación para cada un dos Consellos:

- Consello do Ensino, Infancia e Mocidade: 100%
- Consello Municipal da Cultura: 100%
- Consello Recreativo e Veciñal: 94%
- Consello Ambiental: 63%
- Consello de Deportes: 63%

- Consello do Benestar social e Muller: 50%
- Consello de Promoción Económica: 32%

Así, á vista dos resultados, de 7 Consellos propostos, 6 deles parecen contar co suficiente interese das persoas participantes en formar parte deles. O Consello de Promoción Económica, a pesar de entenderse como necesario, podería chegar a non ser finalmente constituído se non se conta co número de entidades ou persoas precisas para o seu funcionamento.

■ Composición dos Consellos Sectoriais

Segundo se extrae das entrevistas realizadas, unha das principais dificultades ás que se enfrontan as asociacións e poden ser solventadas polos Consellos Sectoriais é a escasa colaboración das administracións, manifestado como unha dificultade para o funcionamento por un 25% das entidades. Ao tempo, tamén se consultou para que se considera que “debe” e “pode” servir un Consello Sectorial:

- en primeiro lugar, apréciase que debe servir para estar ao tanto do que necesita a poboación;
- en segundo, para estar en contacto e colaborar entre as asociacións;
- en terceiro, para manter reunións co persoal político;
- en cuarto e último lugar, para estar ao tanto das novidades, proxectos e contas municipais.

Así, atendendo ao anterior, nos dous encontros participativos realizados deuse a oportunidade de que as persoas participantes manifestaran que perfís consideraban que debían formar parte dos Consellos Sectoriais, tendo en conta pois cal se agardaba que fora a súa utilidade. O Regulamento de Participación Cidadá vixente en Sada dispón o seguinte a este respecto:

Constituirán os consellos sectoriais ou de área:

- *Presidente: o alcade/sa ou concelleiro/a en quen delegue.*
- *Vogais: dous representantes de entidades inscritas no rexistro municipal de entidades, relacionadas co sector e con interese directo na materia.*
- *Un concelleiro por cada grupo municipal da Corporación.*

Fronte a isto, a proposta resultante da participación cidadá foi que os Consellos Sectoriais contén coas seguintes participacións nos mesmos:

a) Representación institucional: concelleira/o delegada/o do sector que compete.

b) Representantes de partidos políticos: cada partido político con representación no pleno poderá designar unha persoa como representante (e terse en conta algunha máis para suplencia).

c) En canto á representación de asociacións: cada asociación relacionada co sector ou con interese a materia poderá designar unha persoa como representante ata un máximo de dúas máis como suplentes. Ás reunións dos Consellos poderán ir destas persoas designadas todas as

que queiran, pero en caso de votación computará como asociación (un único voto) e non un voto por cada persoa da mesma.

d) Colectivos con presenza no municipio, relacionadas co sector e con interese na materia, e outras entidades: poden ter cabida nos Consellos, previa solicitude de entrada no mesmo.

d) Persoas a título individual: poden ter cabida a título individual as persoas con interese na materia que o soliciten.

Esta proposta foi presentada ao Concello de Sada o 17 de marzo de 2017.